

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos

José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, escusa a non asistencia)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez, (CIG, escusa a non asistencia)

María Fariza Novoa (CCOO)

Acta da reunión celebrada ás 13:30 horas do 19 de abril de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación acta do 19 de abril de 2013.
2. Proposta de convocatoria mediante cobertura temporal de unha praza de Técnico Superior Veterinario
3. Proposta de temario dunha praza de Técnico Especialista de Animalario
4. Criterios lista de espera
5. Rogos e preguntas.

Marisa Magaz Ledo substitúe a Manuel Marcos García a solicitude do Comité de Empresa de Pontevedra

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DO 19 DE DECEMBRO DE 2012.

Luis Pérez solicita o envío da acta anterior para comprobar as modificacións realizadas na mesma. A acta apróbbase por unanimidade.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIA MEDIANTE COBERTURA TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR VETERINARIO.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a convocatoria que presenta ten por obxecto a elaboración dunha lista de espera.

Non hai discusión sobre a mesma, Luis Pérez e Ángel Torreiro puntualizan que a quenda de promoción interna ten preferencia á hora de conformar dita lista de espera, e que a superación do primeiro exercicio dá dereito a formar parte da mesma.

3. PROPOSTA DE TEMARIO DA PRAZA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE ANIMALARIO.

Esta proposta fora entregada polo Vicexerente de Recursos Humanos na reunión anterior, porén non se achegou con esta convocatoria, polo que espera a que os Comités fagan chegar as súas aportacións a vindeira semana.

Luis Pérez está de acordo con este temario e solicita que este documento se publique xunto coa oferta do curso sobre capacitación específica para Técnicos Especialistas de Animalario, considera que no curso deberá ter preferencia o persoal contratado temporal antes que o persoal fixo pertencente aos grupos I e II. Ademais pregunta se para a admisión ao curso se solicitará o informe favorable do responsable da unidade ou servizo.

Con referencia ao desenvolvemento do curso xurde a dúbida de que ocorrería no caso de que unha persoa con contrato temporal admitida cesase na súa relación laboral unha vez xa iniciado o mesmo. O Vicexerente de Recursos Humanos indica que se estudarán estas cuestións para que a convocatoria sexa o máis clara posible.

4. CRITERIOS DE LISTA DE ESPERA.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que o documento que se achegou coa convocatoria tenta dar unha solución á problemática que se produce coas contratacións a tempo parcial por mor das reducións de xornadas, xa que ás persoas contratadas temporalmente a tempo parcial non se lles están a ofertar contratos a tempo completo.

A parte social está de acordo co documento pero considera que o límite temporal de dous meses debería reducirse a un mes. A Vicexerencia acéptao e se matiza que se unha persoa contratada parcialmente rexeita un contrato a tempo completo non tería penalización, xa que se considerará unha opción do traballador.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro pregunta pola lista de espera de Técnico Superior de Calidade. José Fernández Viña explica que único candidato renunciara a unha oferta por estar traballando como indefinido, e que solicitou ser admitido de novo tras cesar na empresa na que estaba. De xeito excepcional e como a utilización da lista de espera nesta categoría é moi ocasional, admítese a súa petición.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:10 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.